CONTRAFACTUM

XOVES 12 NOVEMBRO 2026
Auditorio de Galicia, 20.00 h

CONVERSANDO CON...
Jordi Francés, Josep Planells
e Eva Gevorgyan
Sala Mozart, 19.15 h

Jordi Francés, director
Eva Gevorgyan, piano

MEMORIA

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2026/27

AUDITORIO DE GALICIA

CONSORCIO DE SANTIAGO
GOBIERNO DE ESPAÑA
CONCELLO DE SANTIAGO
XUNTA DE GALICIA
AUDITORIO DE GALICIA
Deputación DA CORUÑA
Compostela Cultura

PROGRAMA

I

JOSEP PLANELLS (1988)

Contrafactum*

Toccata

Ligaduras

Tiento de falsas

Tiento al vuelo

Tiento lleno

***Encarga da RFG. Estrea absoluta**

SERGEI RACHMANINOV (1873-1943)

Concerto para piano e orquestra núm. 1

Vivace

Andante

Allegro vivace

II

JEAN SIBELIUS (1865-1957)

Sinfonía núm. 5 en Mi bemol maior, op. 82

Tempo molto moderato; Allegro moderato - Presto

Andante mosso, quasi allegretto

Allegro molto; Misterioso

Duración aproximada do concerto: 120 minutos (con pausa)
Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

A Real Filharmonía de Galicia, formada por cincuenta músicos, créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e César Ramos o seu director asistente durante o período 2026/2027. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

VIOLÍNS I
James Dahlgren, concertino
Adriana Winkler, axuda de concertino
Ildiko Oltai
Ilya Fisher
Esther Borreguero ***
Leticia Herranz
Mario Fernández ***
Anna Alexandrova
Michal Ryczel
Victoria Jurov
Yulia Petrushevskaya

VIOLÍNS II
Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Samira Ajkic
Helena Sengelow
Elina Viksne
Emma Scott ***
Kiyoko Ohashi
Sofía Gaona ***
Irina Gruia
Enrique Roca

VIOLAS
Natalia Madison *
Ionela Ciobotaru **
Timur Sadykov
Joaquín Toledo ***
Lian Iglesias ***
Anne Schlossmacher
Inmaculada Muedra

VIOLONCELLOS
Ferran Bardolet *(R)
Millán Abeledo **
Carlos García
Sara Balboa ***
Thomas Piel
Martín Herrera ***
Manuel Lorenzo

CONTRABAIXOS
Carlos Méndez *
Amador Del Pozo **
Claudia Chacón (R)
José Parra ***

FRAUTAS
Laurent Blaiteau *
Carlos Cascales **
Cecília Tena ***

ÓBOES
Christina Dominik *
Esther Viúdez *
Mariña Palacio ****

CLARINETES
Vicente López *
Daniel Veiga (R)
Belén Troitiño ***

FAGOTS
Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Elena Sánchez ***

TROMPAS
Jorge Ortega *
Xabier Ramón **
Alfredo Varela *
Jorge A. Ortega ***

TROMPETAS
Javier Simó *
Ramón Llátser **
Óscar Rial (R)

TIMBAL/PERCUSIÓN
José Vicente Faus *

PERCUSIÓN
Sergio Sanchís (R)
David Lyons ***

TROMBÓNS
David Vázquez (R)
Juan Luis Novo (R)
Brais Molina (R)

ARPA
Bleuenn Le Friec (R)

CELESTA
Javier López (R)

*** principal ** coprincipal *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) (R) reforzo**

Jordi Francés
Director

Jordi Francés desenvolve unha interesante actividade artística que combina a ópera, o repertorio sinfónico e a creación actual. Mantén unha frutífera relación con boa parte das principais orquestras españolas, como a Orquesta Nacional de España, a Orquestra do Palau de les Arts, a Orquesta Sinfónica de Bilbao, a Orquesta de la Comunidad de Madrid e a Real Filharmonía de Galicia, entre outras. Tamén dirixiu a BBC Philharmonic, a Orquestra Nacional de Hungría, o Ensemble Intercontemporain e moitas outras formacións de Europa e América. É director artístico do Ensemble Sonido Extremo, co que actúa con frecuencia e gran éxito nalgúns dos principais ciclos de concertos do país, como a Quincena Musical Donostiarra, o Festival de Santander, as Series XX-XXI do CNDM e o Festival Ensems.

No ámbito operístico, dirixe habitualmente no Teatro Real, no Palau de les Arts de Valencia e na Ópera de Tenerife, entre outros escenarios. Nas tempadas destes teatros dirixiu títulos como *Arabella*, de R. Strauss; *La vida breve*, de M. de Falla; *Orphée*, de P. Glass; *Trouble in Tahiti*, de L. Bernstein; e *L'enfant et les sortilèges*, de M. Ravel. Tamén estivo á fronte das estreas mundiais de *Tejas Verdes* e *Tránsito*, de J. Torres, e de *La Regenta*, de M. Manchado, entre outros proxectos. Moi interesado tamén na creación contemporánea, levou a cabo a estrea mundial de máis de cento cincuenta obras e traballou con compositores como Birtwistle, Eötvös, Haas, Manoury, Gervasoni, Sotelo, López-López, Sánchez-Verdú, Fontcuberta, López-Estelche, Camarero, Torres, Ibarrondo, Río-Pareja, Magrané e García-Tomás, entre moitos outros.

Durante a última década, Jordi Francés desenvolveu tamén un interesante enfoque pedagóxico para traballar con músicos novos. Desde esta perspectiva, mantén unha relación constante coas institucións musicais educativas máis importantes do país, como a Orquesta Freixenet da Escola Reina Sofía, a JONDE, a JORCAM, a ESMUC, a JONC, o Conservatori Superior del Liceu de Barcelona e a Jove Orquestra de la Generalitat Valenciana, entre outras. Ademais, é profesor da Cátedra «Zubin Mehta» de Dirección de Orquestra da Escuela Reina Sofía.

É titulado pola Hogeschool Zuyd de Maastricht (Países Baixos), posgrao en dirección de repertorio contemporáneo polo Conservatorio della Svizzera Italiana (Suíza) e mestrado en Musicoloxía pola Universidad de la Rioja. A súa amplísima formación como director inclúe estudos de posgrao e estadías na Manhattan School of Music de Nova York, na International Järvi Academy de Estonia, na Eötvös Foundation de Budapest e no IRCAM de París, entre outras institucións, con mestres como Kurt Masur, Jorma Panula, Paavo Järvi e Peter Eötvös.

Eva Gervorgyan
Piano

Eva Gevorgyan é unha das pianistas novas con maior proxección internacional. Artista Yamaha, foi galardoada en máis de corenta concursos de piano, entre os que destacan os primeiros premios no Cleveland International Piano Competition for Young Artists, en 2018, e no Van Cliburn Young Artist Competition, en 2019. Tamén recibiu o Prix du Bern, en Suíza, en 2023; o Discovery Award dos International Classical Music Awards, en 2019; e o Grand-Prix da competición da Orquestra Nacional de Rusia, en 2021. Ademais, foi finalista e recibiu o Premio Especial no Concurso Internacional de Piano Chopin, celebrado en Varsovia. A revista *Gramophone* destacou o seu dominio absoluto da parte solista, a precisión e personalidade da súa articulación e unha sonoridade de gran riqueza, que evoca a de figuras lendarias do piano ruso como Emil Gilels e Bella Davidovich.

Actuou como solista con prestixiosas formacións, entre elas a Dallas Symphony, a Lucerne Symphony, a Academy of St Martin in the Fields, a Filharmónica de Varsovia, a Orquestra do Teatro Mariinski, a Chamber Orchestra of Europe, a Houston Symphony e a Orquestra Nacional de Rusia, ademais de numerosas orquestras de Europa, América, Asia e África. Tamén ofreceu recitais en festivais internacionais de referencia como os de Verbier, Duszniki, Brescia e Bérgamo, Ruhr, Schleswig-Holstein, Montreal, Shanghái e La Roque d'Anthéron, onde debutou en 2023 con excelentes críticas.

A súa actividade levouna a actuar en salas tan destacadas como o Royal Albert Hall, o KKL de Lucerna, o Gewandhaus de Leipzig, a sala de concertos do Mariinski, a Laeiszhalle de Hamburgo, o Auditorio Nacional de Madrid, o Asahi Hall de Toquio, o Teatro B32 de Brasil, o Teatro Juárez de México e as salas Bourgie de Montreal e Cortot de París. No escenario traballou con directores como Valery Gergiev, Lawrence Foster, Stéphane Denève, Vladimir Spivakov, Paavo Järvi, Vasily Petrenko e Ruth Reinhardt, entre moitos outros.

Eva Gevorgyan continúa a súa formación na Escola Central de Música do Conservatorio Chaikovsky de Moscova, con Natalia Trull, e na Escuela Superior de Música Reina Sofía de Madrid, baixo a orientación de Stanislav Ioudenitch. En 2020 recibiu, ademais, unha prestixiosa bolsa do Klavier-Festival Ruhr concedida por Evgeny Kissin. O seu primeiro traballo discográfico, publicado polo selo Melodiya en 2022, reúne obras de Chopin e Scriabin e recibiu unha excelente acollida da crítica. A revista *Bachtrack* salientou a perfección técnica da súa interpretación, a forza e o carácter percusivo do seu toque, así como a intensidade case ascética coa que transmite a música, sempre cun compromiso absoluto.

NOTAS AO PROGRAMA

O concerto desta noite da Real Filharmonía leva o título de *Contrafactum* que toma dunha das obras que conforman o programa: a estrea absoluta dun novo traballo do compositor Josep Planells Schiaffino. Este termo fai referencia a unha técnica musical que consiste en substituír a letra dunha canción existente por outra nova, mantendo porén a melodía e a harmonía orixinais. Trátase dunha práctica de reciclaxe empregada en distintos estilos musicais dende ven antigo. Ademais, a orquestra interpretará o *Concerto para piano e orquestra núm. 1* de Sergei Rachmanivov (1873-1943) e a *Sinfonía núm. 5 en Mi bemol Maior, op.82* de Jean Sibelius (1865-1957).

O programa empeza coa estrea xa sinalada: *Contrafactum* de Josep Planells, compositor e director nado en Valencia en 1988. Planells estudou composición con Arnulf Herrmann e Hanspeter Kyburz na Hochschule für Musik Hanns Eisler de Berlín, onde obtivo a súa licenciatura e mestrado, e posteriormente, doutorouse en composición na Universidade de Cambridge baixo a tutela de Richard Causton. Así mesmo, formouse en dirección de orquestra con Fred Buttkewitz en Berlín e posteriormente foi discípulo de Peter Eötvös, participando nunha serie das súas clases maxistrais e recibindo unha beca da Fundación de Música Contemporánea Peter Eötvös. Tamén é licenciado en Clarinete polo Conservatorio Superior de Música Joaquín Rodrigo de Valencia, onde estudou con José Cerveró. Como director ten colaborado con importantes institucións nacionais e internacionais como a Orquesta e Coro Nacionales de España, Orquestra Sinfónica de Galicia, Real Orquesta Sinfónica de Sevilla, Basel Sinfonietta, Staatsoper Berlin, Salzburger Festspiele, Opéra Comique ou o Gran Teatre del Liceu entre outras. Da súa faceta compositiva compre sinalar que a súa música foi interpretada por destacadas orquestras e músicos como WDR Sinfonieorchester Köln, Deutsche Radio Philharmonie Saarbrücken, Orquesta Nacional de España, Orquesta Sinfónica RTVE, Joven Orquesta Nacional de España, Lucerne Festival Academy Orchestra, Ensemble Modern ou o pianista Juan Pérez Floristán. Ao longo da súa carreira ten recibido numerosas distincións: XLII

Premio Reina Sofía da Fundación Ferrer, a Comisión Joven Roche del Festival de Lucerna, o Premio DAAD, o Felix Mendelssohn Bartholdy Hochschulwettbewerb, Concurso INJUVE, Primeiro Premio de Interpretación no Concurso Hanns Eisler ou a Beca de Dirección do Festival de Lucerna (2019), onde traballou con Matthias Pintscher e Heinz Holliger. Durante o curso académico 2021-22 foi profesor convidado de Composición na ESMUC e dende 2023 imparte clases e dirixe diversos proxectos no Conservatorio del Liceu de Barcelona.

A obra que hoxe nos presenta, *Contrafactum*, artéllase en cinco movementos: *Toccata* (WSC 83), *Ligaduras de tercer tono, para la Elevación*, *Tiento de falsas de cuarto tono* (WSC 11), *Tiento al vuelo de sexto tono* (WSC 50), *Tiento lleno de segundo tono*. Cada un deles parte dunha obra para órgano de Joan Baptista Cabanilles (1644-1712), compositor e organista valenciano cuxa traxectoria se desenvolveu durante o Barroco e que levou ao cumio a composición ibérica para o seu instrumento. Tal e como explica Planells, «ao inicio estas músicas das que parte son recoñecibles e pouco a pouco os trazos característicos de cada peza —os cambios de rexistro, os retardos, a proliferación ornamental e as estruturas contrapuntísticas— son levados ao exceso, ata provocar o seu colapso. Finalmente, este mesmo proceso desprázase ao propio tempo que é sometido a diferentes graos de fragmentación, dilatación e granulación. Así mesmo, un mesmo principio percorre os cinco movementos, incorporando novas capas de complexidade a medida que avanza a obra. Cada un formaliza un aspecto diferente pero todos seguen un mesmo percorrido: aquelo que define cada obra é tamén o que termina por disolvela».

A continuación, a pianista Eva Gevorgyan, artista en residencia desta tempada, interpretará o *Concerto para piano e orquestra núm. 1* de Sergei Rachmaninov. O compositor ruso naceu en Oneg (Novgorod) o 1 de abril de 1873 e morreu nos EUA en 1943. A súa formación iniciouse no Conservatorio de San Petesburgo onde o seu comportamento provocou queixas do mesmo Korsakov. Rachmaninov tiña un talento extraordinario para a música, pero foi

un adolescente bastante rebelde, seguramente consecuencia dunha infancia marcada pola traxedia: morréronlle dúas irmás e os seus pais separáronse despois de que o seu proxenitor malgastara durante anos a abundante riqueza familiar (tanto a súa nai como o seu pai descendían de altos cargos militares ricos do réxime tsarista). A nai de Rachmaninov pediu entón consello ao seu sobriño Ziloti, profesor en Moscova (fora alumno de Liszt e Chaikovski) e decidiron trasladar ao rapaz ao conservatorio desta cidade para seguir formándose en piano e composición. Anos despois chegou a ser director de orquestra en importantes institucións como o Teatro Manontov ou o Bolshoi. En 1917, en plena Revolución Bolxevique, emigrou a Europa e logo aos EUA onde se asentou definitivamente ata a súa morte. O seu estilo musical é o posromanticismo e sempre estivo apegado ao sistema tonal, rexeitando a música de vangarda do século XX a pesar de ser contemporáneo de Ravel, Bartók ou Schönberg. O máis coñecido do seu catálogo sons os concertos para piano 2 e 3 que figuran entre os máis interpretados do repertorio deste instrumento.

A composición do *Concerto para piano e orquestra núm. 1, op. 1* iniciouna en 1890 con tan só 17 anos cando era estudante no Conservatorio de Moscova, aínda que en 1917 fixo unha exhaustiva revisión que deu lugar a unha nova versión que é a que se toca na actualidade, xa que non estaba nada conforme coa primeira orquestración. A estrea tivo lugar o 17 de marzo de 1892 polo seu autor quen interpretou o 1º movemento nun concerto de estudantes. É o op. 1 dentro do seu catálogo e está estruturado en 3 movementos: *Vivace*, *Andante* e *Allegro Vivace*.

O primeiro movemento comeza cunha introdución na que destaca unha cascada de notas impresionante no piano a imitación do concerto de Grieg, unha das obras preferidas de Rachmaninov e que sen dúbida lle serviu de modelo e inspiración. Segue logo unha estrutura de forma sonata clásica impregnada dunha linguaxe plenamente romántica. Na exposición escoitamos o tema A, de carácter elexíaco, e unha pasaxe rítmica que o estende; logo un motivo de transición e despois, o tema B, moito máis amoroso. No desenvolvemento hai un claro traballo

sobre este segundo tema da exposición e logo un diálogo entre os temas A e B. Finalmente, a recapitulación, e antes de rematar unha cadencia da solista que bebe da introdución e tamén evoca os temas principais do movemento.

O segundo movemento, *Andante*, é moi breve. Comeza cun interludio orquestral que adianta xa o ton xeral que dominará todo o fragmento: a tristeza e a introspección. Trátase dunha especie de nocturno, moi do gusto romántico, no que as trompas (dende o solo inicial) e as madeiras terán moito peso, mentres as cordas xogan un papel de acompañamento no momento en que irrompe o solista.

O terceiro e último movemento destaca pola súa enerxía e virtuosismo e nel desfrutaramos de distintas destrezas e habilidades da técnica pianística. A nivel estrutural podemos falar dun rondó-sonata (no que se combina a forma tripartita exposición-desenvolvemento-recapitulación coa aparición recorrente dun tema). A parte central, moito máis lenta e lírica, funciona como unha pequena tregua dentro do conxunto.

A última obra do programa é a *Sinfonía núm. 5 en Mi bemol Maior, op. 82* de Jean Sibelius, quen naceu en Tavasteus e morreu en Järvenpää, ambas cidades de Finlandia. Inicialmente, o compositor e violinista dirixiu os seus esforzos cara o dereito, pero logo decidiuse pola música formándose no Instituto de Música de Helsinki e posteriormente en Berlín e Viena, onde entra en contacto coa música de Schönberg e os seus discípulos. Na década de 1890 consolidou a súa fama e dende 1897 foi apoiado polo goberno de Finlandia como artista nacional ata a súa morte coa asignación dunha pensión vitalicia. Moi cedo converteuse no líder da Escola Nacional Finesa marcando o camiño para unha tradición culta propia despoxada das influencias da tradición xermana. A partir de 1900, Sibelius deuse a coñecer ao público internacional e na súa produción destacan: os poemas sinfónicos *Kullervo*, *En saga*, *O cisne de Tuonela*, *O regreso de Lemminkäinen*; sete sinfonías e o *Concerto para violín*. O compositor foi distanciándose pouco a pouco da tradición académica na que se formou e considerábase a si mesmo

moderno por este feito, mentres outros moitos, sobre todo compositores vangardistas como Stravinski, pensaron que o seu estilo era conservador e kitsch.

Existen 3 versións da *Sinfonía núm. 5 en Mi bemol Maior, op. 82*: a primeira contaba con 4 movementos e estreouse o 8 de decembro de 1915; ao ano seguinte aparece unha segunda versión; e en 1922 preséntase a definitiva e que prevaleceu ata os nosos días que conta só con 3 movementos –*Molto moderato*, *Andante* e *Allegro molto*–. É xunto coa segunda sinfonía a máis popular e interpretada do compositor e a súa aparición coincide no tempo coa Revolución Rusa que propiciou a independencia definitiva de Finlandia do país eslavo, proceso do que Sibelius foi todo un emblema. O compositor é considerado un mestre das sinfonías paisaxe ou lenda, o que lle supuxo o alcume de "músico visual", xa que para moitos círculos intelectuais compoñer música tonal e evocadora en 1915 era un defecto.

O primeiro movemento é o máis orixinal a nivel formal dos compostos por Sibelius. Consiste nunha desfiguración da forma sonata clásica: aparece unha exposición con cinco temas e logo, 3 rotacións da mesma, sendo os temas máis complexos en cada volta (algúns autores chaman a esta estrutura "forma rotacional"). As cinco ideas musicais que escoitaremos son bastante contrastantes entre si: a primeira resplandecente, unha especie de chamada ascendente; a segundo é unha danza popular finlandesa con arabescos nas madeiras; a terceira, un lamento sombrío; a cuarta, un tema coral que interpreta en tutti a orquestra; e finalmente, un tema conclusivo, ondulante. A primeira das rotacións viría a ser unha repetición variada da exposición; logo (2ª rotación), temos un desenvolvemento bastante curioso coa inclusión a maiores dun *scherzo*; e a última rotación correspondería coa recapitulación á que se engade unha coda.

O segundo movemento presenta unha estrutura moito máis sinxela: unha serie de variacións a partir dun tema que inician as cordas en *pizzicato*. Os baixos nun determinado momento adiantan o tema principal do último movemento e o broche final pono o óboe.

En canto ao terceiro movemento, podemos afirmar que se trata dunha forma so-

nata con dous temas principais: o primeiro ten un carácter precipitado, impulsivo unha especie de movemento perpetuo; o segundo é o coñecido como *Himno dos cisnes*, o tema máis grandioso do compositor (moi presente no cine) e que, ao parecer, veu inspirado por unha visión dunha bandada de 16 cisnes que voaron en círculo sobre a casa do compositor tal e como el mesmo recoñeceu. Despois desta exposición, viría o desenvolvemento conformado por catro episodios. No final da sinfonía recupérase unicamente o tema dos cisnes que se vai desfigurando cara un carácter aterrador, rematado con seis acordes separados entre eles que conforman un final inesperado.

Para rematar estas liñas cabe destacar o paralelismo entre Rachmaninov e Sibelius. Ámbolos dous foron rara avis na súa época posto que habitaron o século XX pero viviron en certo modo de costas a el a nivel estilístico, ancorados no romanticismo decimonónico amplificado cada un dentro do seu estilo persoal. Este feito provocou as críticas de moitos dos seus compañeiros que lles ocasionaron fortes sentimentos de soidade e crises persoais ao longo da súa vida. Ese apego á tradición, cualificado por algúns como «Modernismo antimoderno», non foi óbice para ganar o favor do público que sempre mostrou simpatía pola obra dos dous mestres.

Desfrutemos pois deste concerto onde a tradición vai ter un importante papel como memoria musical: unha obra de estrea que bebe de música de hai séculos e dous autores firmemente unidos ao seu pasado musical máis recente.

Carme Tubío Barreira

MEMORIA

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA 2026/27

AUDITORIO DE GALICIA

PRÓXIMO CONCERTO

CINEUROPA: THE GENERAL (O maquinista da Xeneral)

XOVES 19 NOVEMBRO - Abono RFG
Auditorio de Galicia, 20.00h

VENRES 20 NOVEMBRO - (EN)FOCO #2 XACOBEO
Auditorio de Galicia, 20.00h

Timothy Brock, director

Proxección do filme coa música en directo

· The General, 1926 (O maquinista da Xeneral)

· Directores do filme: Buster Keaton e Clyde Bruckman

· Música: Timothy Brock (2005)

AUDITORIO DE GALICIA
Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS
981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org
compostelacultura.gal

INSTAGRAM
@realfilharmoniadegalicia
@compostelacultura

FACEBOOK
RealFilharmoniadeGalicia
CompostelaCultura

X
@CCultura

TIKTOK
@realfilharmoniadegalicia

CONSORCIO DE SANTIAGO · GOBIERNO DE ESPAÑA · CONCELLO DE SANTIAGO · XUNTA DE GALICIA · AUDITORIO DE GALICIA · Deputación DA CORUÑA · Compostela Cultura